

## PLAN DE EMPREGO LOCAL 2023. DEPUTACIÓN DA CORUÑA

A Deputación da Coruña, no marco do Plan de Emprego Local, ven de publicar as convocatorias para os seguintes programas:

- **PEL-EMPRENDE INVESTIMENTO:** Axudas para a consolidación e o fortalecemento do tecido empresarial nos concellos da provincia da Coruña a través do apoio ao investimento en bens inventariables.
- **PEL-AUTÓNOM@S:** Axudas ao fomento do emprendemento e ao traballo por conta propia nos municipios da provincia da Coruña de menos de 20.000 habitantes.
- **PEL-PEMES CREACIÓN E AMPLIACIÓN:** Axudas á creación e ampliación do cadro de persoal de pequenas, medianas empresas e microempresas.
- **PEL-PEMES MANTEMENTO:** Axudas ao mantemento do cadro de persoal de pequenas, medianas empresas e microempresas.

As bases das axudas PEL 2023 poden consultarse no Boletín Oficial da Provincia núm.19 do 27 de xaneiro de 2023 ou premendo na seguinte ligazón:

<https://bop.dacoruna.gal/bopportal/cambioBoletin.do?fechaInput=27/01/2023>

A convocatoria dos distintos programas poden consultarse no Boletín Oficial da Provincia núm.27 do 8 de febreiro de 2023

**O prazo previsto para a presentación de solicitudes permanecerá aberto desde o día 9 de febreiro ata o 10 de marzo ás 14.00 horas.**

As solicitudes, presentaranse de xeito telemático a través da plataforma SUBTeL: <https://sede.dacoruna.gal/subtel/>

## **PEL EMPRENDE INVESTIMENTO**

### **Convocatoria BOP de 8 de febreiro**

Extracto da Resolución número 2023/3221, do 31 de xaneiro de 2023, da Presidencia da Deputación da Coruña, pola que se aproba a convocatoria da liña de axudas á consolidación e ao fortalecemento do tecido empresarial a través do apoio ao investimento en bens inventariables (Liña 2.1. PEL Emprende Investimento 2023), cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvencións (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/673805>)

### **Beneficiarios**

Estas axudas van dirixidas a pequenas, medianas empresas, microempresas e persoas autónomas, promotoras de iniciativas empresariais que estean desenvolvendo unha actividade con ánimo de lucro con anterioridade á data de publicación da convocatoria da axuda, e reúnan os seguintes requisitos:

Ter o domicilio fiscal nun concello da provincia da Coruña.

Ter unha antigüidade máxima de 5 anos de exercicio continuado na actividade empresarial para a que solicita a axuda segundo a información recollida no certificado de situación censual da entidade.

No caso de persoas autónomas, estar dado de alta no Réxime Especial de Traballadores Autónomos (RETA) ou en calquera outro réxime especial por conta propia da Seguridade Social, ou como mutualista de colexio profesional, e non ter unha antigüidade superior aos 5 anos anteriores á data de publicación da convocatoria.

No caso de persoas xurídicas, a data de constitución da empresa, atendendo á data de primeira inscrición no Rexistro público correspondente non pode ter unha antigüidade superior aos 5 anos, anteriores á data de publicación da convocatoria destas axudas.

### **Obxecto**

A finalidade destas axudas é contribuír á consolidación e ao fortalecemento do tecido empresarial nos concellos da provincia da Coruña a través do apoio ao investimento en bens inventariables de pequenas, medianas empresas, microempresas e persoas autónomas en calquera das modalidades xurídicas existentes.

### **Contía das axudas**

As axudas oscilan entre un mínimo de 2.450 euros e un máximo de 17.500,00 euros, estando previsto o abono das mesmas nun único pago.

## **(PEL-PEMES CREACIÓN E AMPLIACIÓN 2023)**

### **Convocatoria BOP de 8 de febreiro**

Extracto da Resolución 2023 / 3222, do 31 de xaneiro de 2023, da Presidencia da Deputación da Coruña, pola que se aproba a convocatoria da liña de Axudas á creación e ampliación do cadro de persoal de pequenas, medianas empresas e microempresas (PEL-PEMES CREACIÓN E AMPLIACIÓN 2023)

### **Beneficiarios**

Estas axudas van dirixidas a pequenas, medianas empresas, microempresas e persoas autónomas, promotoras de iniciativas empresariais que estén desenvolvendo unha actividade con ánimo de lucro con anterioridade á data de publicación da convocatoria da axuda e reúnan os seguintes requisitos:

Ter domicilio fiscal nun concello da provincia da Coruña con poboación inferior a 20.000 habitantes.

No caso de persoas autónomas, estar dado de alta no Réxime Especial de Traballadores Autónomos (RETA) ou en calquera outro réxime especial por conta propia da Seguridade Social ou como mutualista de colexio profesional.

No caso de persoas xurídicas, estar inscritos no Rexistro mercantil ou no Rexistro público correspondente. Estar dado de alta nalgunha actividade empresarial e constar recollida no Certificado de Situación Censual da Axencia Estatal da Administración Tributaria.

### **Obxecto**

O seu obxecto é regular as axudas da Liña 3.1. Axudas á contratación para a creación e ampliación do cadro de persoal de pequenas, medianas empresas e microempresas (PEL-PEMES CRE/AMP 2023).

A finalidade destas axudas á contratación é apoiar ás pequenas, medianas empresas e microempresas da provincia da Coruña con domicilio fiscal en concellos con poboación inferior a 20.000 habitantes para a contratación laboral dun/ dunha traballador/a.

Cada empresa poderá solicitar a subvención para a contratación dun/unha traballador/a durante un período de 12 meses, durante os cales a subvención cubrirá como máximo o 70% dos custos salariais e de seguridade social da persoa traballadora. O contrato poderá ter unha duración superior a 12 meses, pero a subvención cubrirá unicamente os custos correspondentes aos meses do contrato incluídos dentro da anualidade 2023.

### **Contía**

A contía máxima da subvención a conceder será o 70% do orzamento de gastos co límite de 15.000,00 € para as contratacións a xornada completa (40h semanais) ou a parte proporcional correspondente naquelas contratacións realizadas a tempo parcial.

## **PEL-AUTÓNOMOS/AS 2023**

### **Convocatoria BOP de 8 de febreiro**

Extracto da Resolución 2023/3220, do 31 de xaneiro de 2023, da Presidencia da Deputación da Coruña, pola que se aproba a convocatoria da liña de Axudas de apoio ao emprendemento a través do financiamento das cotas sociais de persoas autónomas, (Liña 2.7. PEL-AUTÓNOMOS/AS 2023)

#### **Beneficiarios**

Estas axudas van dirixidas a persoas autónomas, promotoras de iniciativas empresariais que estean desenvolvendo unha actividade con ánimo de lucro con anterioridade á data de publicación da convocatoria da axuda e reúnan os seguintes requisitos:

-Ter domicilio fiscal nun concello da provincia da Coruña con poboación inferior a 20.000 habitantes.

- Estar dado de alta no Réxime Especial de Traballadores Autónomos (RETA) ou calquera outro réxime especial ou sistema especial por conta propia da Seguridade Social, ou como mutualista de colexio profesional, con unha antigüidade ininterrompida máxima de 5 anos anteriores a data de publicación da convocatoria destas axudas. Considérase que non existe interrupción cando entre o cese e o novo alta transcorran menos de 3 meses.

-Estar dado de alta en algunha actividade empresarial e constar recollida no Certificado de Situación Censual da Axencia Estatal da Administración Tributaria. -Ter unha antigüidade máxima de 5 anos de exercicio ininterrompido na actividade empresarial que desenrola segundo a información recollida no certificado de situación censual da entidade. A estes efectos, considérase que existe continuidade na mesma actividade económica cando entre o cese e novo alta transcorran menos de 3 meses.

-Non recibir na anualidade 2023 ningunha axuda ou concepto similar, por parte de ningunha entidade ou organismo pública para sufragar as cotas correspondentes ao réxime especial ou sistema especial por conta propia da Seguridade Social ou como mutualista de colexio profesional. Segundo.

#### **Obxecto**

A finalidade de estas axudas é o fomento do emprendemento e o traballo por conta propia nos municipios da provincia da Coruña de menos de 20.000 habitantes poñendo en marcha mecanismos necesarios para a supervivencia e fortalecemento do tecido empresarial autónomo.

#### **Contía**

A contía das axudas oscila entre un máximo de 2.400,00 euros (equivalente a 12 meses) e un máximo de 1.200,00 euros (equivalente a 6 meses), estando previsto o abono das mesmas nun único pago.

**(PEL-PEMES MANTEMENTO 2023).**  
**Convocatoria BOP 8 de febreiro**

Extracto da Resolución 2022 / 15539, do 29 de marzo de 2022, da Presidencia da Deputación da Coruña, pola que se aproba a convocatoria das liñas de Axudas ao mantemento do cadro de persoal de pequenas, medianas empresas e microempresas (PEL-PEMES MANTEMENTO 2023).

**Beneficiarios**

Estas axudas ao mantemento do cadro de persoal van dirixidas a pequenas, medianas empresas, microempresas e autónomos/as, beneficiarios/as da subvención PEL-Pemes Creación e Ampliación 2022, que realizaron a contratación de maneira indefinida inicialmente ou con carácter previo á presentación da solicitude de axudas PEL-Pemes Mantemento 2023 e que con anterioridade á data de publicación da convocatoria, reúnan o seguinte requisito:

Manter o domicilio fiscal na provincia da Coruña nun concello con poboación inferior a 20.000 habitantes.

**Obxecto**

O obxecto desta liña é a concesión dunha axuda para o mantemento do posto de traballo indefinido creado ao amparo da axuda PEL-Pemes Creación e Ampliación 2022.

A finalidade das axudas é apoiar ao tecido empresarial provincial para o mantemento da contratación laboral indefinida das persoas que foron contratadas con cargo ás axudas á contratación para a creación e ampliación do persoal de pequenas, medianas empresas e microempresas (PEL-Pemes Creación e Ampliación 2022).

**Contía**

A contía máxima da subvención para conceder será o 50% dos custos estimados do mantemento da contratación co seguinte límite:

Límite de 11.000€ (colectivo vulnerable) e 10.000 € (colectivo non vulnerable) para as contratacións a xornada completa (40h semanais) ou a parte proporcional correspondente naquelas contratacións realizadas a tempo parcial.